

INFORME SECTORIAL DE AUGAS DE GALICIA.

ASUNTO: SOLICITUDE DE INFORME DO ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL E DA SEPARATA DE AUGAS DE GALICIA DO PARQUE EÓLICO ALVITE II (IN408A 2019/016).

UBICACIÓN: CONCELLOS DE SANTA COMBA, MAZARICOS E NEGREIRA (A CORUÑA).

SOLICITANTE: SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS DA XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA DA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN.

PROMOTOR: GREEN CAPITAL POWER, SL.

Obxecto

O obxecto deste informe é dar resposta á solicitude do 28 de xullo do 2022, do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, referente á obtención de informe, dentro das competencias de Augas de Galicia, acerca do documento do Estudo de Impacto Ambiental (EIA) (asdo 18/01/2022) do parque eólico Alvite II, - sobre as posibles afeccións do proxecto ao dominio público hidráulico e á calidade das augas, cruzamentos, paralelismos, medidas protectoras e correctoras, plan de vixilancia ambiental no seu caso, e cumprimento das directrices de planificación hidrolóxica-, e acerca da Separata de afeccións a bens dependentes desta Entidade (vsdo.14/06/22), co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 33.12 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia e pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia; no artigo 127.2 e 131.1 do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; no artigo 37.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental; na Lei 1/2021 de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia e demais normativa vixente de aplicación.

Segundo se indica na documentación aportada, o Estudo de Impacto Ambiental (EIA) ten como obxectivo integrar a actividade industrial de produción de enerxía renovable a partir do recurso eólico, delimitando as superficies que polo seu interese poidan verse afectadas, identificando os elementos e procesos obxecto de especial protección e establecendo as medidas necesarias para a protección, corrección e compensación dos impactos orixinados durante a construción, explotación e/ou abandono do proxecto. Tamén, establece un programa de vixilancia e seguimento ambiental para garantir o cumprimento desas medidas, tanto na fase previa á construción do parque, como na propia fase de construción e na de explotación do mesmo.

A Separata de Augas de Galicia, ten por obxecto a enumeración e descrición das afeccións á rede hidrográfica existente na zona de implantación deste parque eólico e xestionada por Augas de Galicia, co gallo de que esta Entidade emita o informe preceptivo ao respecto.

Antecedentes

O 16 de xuño de 2020, Augas de Galicia emite o informe de resposta acerca da consulta sobre o alcance da avaliación de impacto ambiental do proxecto do parque eólico Alvite II nos concellos de Mazaricos, Negreira e Santa Comba (A Coruña) (clave: 2020/0103), realizada o 9 de xuño pola Subdirección Xeral de



Avaliación Ambiental da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

O 2 de agosto de 2022, publícase no Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 146) o Acordo do 5 de xullo de 2022 polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto do parque eólico Alvite II, nos concellos de Mazaricos, Negreira e Santa Comba (A Coruña) (expediente IN408A 2019/016).

Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas, (en diante TRLA).
- Regulamento do Dominio Público Hidráulico, aprobado polo Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, (en diante RDPH).
- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia.
- Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de Augas de Galicia e se regulan determinadas cuestións no desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia.
- Real Decreto 11/2016, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa, (en diante PHGC).
- Directiva 2007/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2007, relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación.
- Real Decreto 903/2010, do 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación.
- Real Decreto 19/2016, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Plan de Xestión do Risco da Inundación da Demarcación Hidrográfica de Galicia – Costa.
- Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas.

Análise da documentación

A documentación aportada para o presente informe é o **“Estudio de Impacto Ambiental del Parque Eólico Alvite II 27 MW, enero 2022”**, (asdo 18/01/2022), redactado polo licenciado en bioloxía D. Rafael Villasuso Bouza (nº colexiado 19808-X) e coa colaboración do enxeñeiro industrial Javier Regueira Miguens, -ambos da empresa “IDOM”-, e que consta dunha Memoria e 15 Anexos. Os Anexos enuméranse a continuación: Anexo I. Planos; Anexo II. Estudo de impacto e integración paisaxística; Anexo III. Plan de restauración e desmantelamento; Anexo IV. Estudo de ruídos; Anexo V. Documento de síntese; Anexo VI. Reportaxe fotográfica; Anexo VII. Estudo de impacto sobre o patrimonio cultural; Anexo VIII. Estudo de



avifauna e quirópteros; Anexo IX. Efecto "Shadow Flicker"; Anexo X. Estudo do impacto sobre o turismo; Anexo XI. Estudo de efectos acumulativos e sinérgicos; Anexo XII. Estudo de xestión de residuos; Anexo XIII. Resposta fase de consulta e Documento de Alcance; Anexo XIV. Estudo de campos electromagnéticos; Anexo XV. Estudo de impacto visual sobre o Camiño de Santiago. Todos os documentos están en formato dixital (pdf).

Tamén, apórtase a **"Separata Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (Augas de Galicia). Proyecto de Ejecución del Parque Eólico Alvite II, código ALVI-GE-AN-TT04"**, de xuño de 2022 (vsdo.14/06/22) e asinada polo enxeñeiro técnico industrial D. Ángel M^a Abad León (nº colexiado 2011 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Jaén, COITIJJaén) e polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Juan Contreras Pérez (nº de colexiado 33437 do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos de Andalucía), data do visado do COITIJJaén do 14.06.2022. O documento inclúe unha memoria e planos. Todos os documentos están en formato dixital (pdf).

A continuación describíense brevemente as características técnicas das obras do parque eólico segundo a documentación sometida a información pública.

Así, as obras do parque eólico Alvite II sitúanse nos termos municipais da Santa Comba, Mazaricos e Negreira (provincia da Coruña), -dentro da Área de Desenvolvemento Eólico (ADE) "Outes", segundo se indica no dito Acordo de 5 de xullo de 2022 (información pública).

A poligonal dentro da que se enmarca o parque ven definida polas coordenadas UTM (ETRS89, Fuso 29N) dos vértices que se indican a continuación:

Vértice poligonal	UTM-X	UTM-Y
P1	510.875	4.758.785
P2	510.875	4.755.748
P3	511.300	4.755.748
P4	511.300	4.754.989
P5	508.844	4.754.989
P6	507.235	4.758.312

Describíense a continuación as características técnicas das instalacións, referidas na información pública:

- Seis (6) aerogeradores tripá, de potencia nominal unitaria 4,5 MW, diámetro do rotor de 155 m e altura ata o buxe de 120 m. Obtense unha potencia máxima do parque de 27 MW.

A ubicación dos aerogeradores proxectados será a especificada na seguinte táboa mediante coordenadas UTM (ETRS89, Fuso 29N):

AEROXERADOR	UTM-X	UTM-Y
AL01	507.665	4.758.080
AL02	508.932	4.757.891
AL03	509.375	4.757.508
AL04	510.173	4.755.668
AL05	510.606	4.755.470
AL06	511.006	4.755.298

- Seis (6) centros de transformación trifásicos montados no interior de cada aeróxerador, de potencia aparente unitaria 5.650 kVA e relación de transformación 0,69/30 kV.
- Unha (1) torre meteorolóxica de 120 m de altura.

As coordenadas UTM (ETRS89, Fuso 29N) que definen a súa localización son:

Torre meteorolóxica	UTM-X	UTM-Y
TM	507.895	4.757.684

- Un (1) centro de seccionamento a 30 kV, chamado CS Alvite II 30 kV e constituído por un edificio de dúas salas:
 - Unha sala como centro de interconexión, na que se aloxarán as celas de 30 kV (dúas celas de liña, unha cela de evacuación, unha cela de medida e unha cela de servizos auxiliares) e o transformador de servizos auxiliares.
 - Unha sala para o centro de control, onde se aloxarán os elementos de control, equipos auxiliares, sistema de comunicación, protección, corrente continua, etc.

As coordenadas UTM (ETRS89, Fuso 29N) que definen a súa localización son:

Centro de seccionamento	UTM-X	UTM-Y
CS	509.100	4.755.877,30

- Un sistema colector de media tensión (MT) formado por dous circuitos de 30 kV en instalación soterrada, que ten como obxecto a canalización da enerxía xerada polas aeroturbinas ata o centro de seccionamento. O cable utilizado para esta rede será de tipo AL XLPE 18/30 kV, de diferentes seccións (95, 240 e 400 mm²).



- A posta á terra da rede de MT está constituída por un condutor de cobre espido, de sección mínima 50 mm², tendido ao longo da canalización de MT, no fondo deste. A rede de terras xeral do parque eólico forma un circuíto equipotencial.
- Pola mesma gabiá que as liñas de MT, instalárase unha rede de comunicacións que utilizará cable de fibra óptica como soporte e que se usará para a monitorización e control do parque.
- A enerxía eléctrica xerada polo parque eólico Alvite II evacuarase a través dunha liña eléctrica de 30 kV desde o propio centro de seccionamento do parque ata a subestación eléctrica transformadora (SET) Alvite 30/132 kV, de onde partirá unha liña aérea de alta tensión (LAAT) de 132 kV que chegará ata a SET Banzas 30/132 kV. Estas dúas liñas eléctricas forman parte dun proxecto independente denominado «Solución de evacuación conxunta dos parques eólicos Alvite e Alvite II».
- Desde a dita SET Banzas 30/132 kV partirá unha LAAT 132 kV, compartida con outros parques eólicos, ata a subestación colectora Lousame 132/220 kV e, desde esta, a través dunha LAAT 220 kV, conectarase á SET Lousame 220 kV de REE. Estas dúas liñas e a subestación colectora Lousame 132/220 kV forman parte dun proxecto denominado «Solución de evacuación conxunta dos parques eólicos Maragouto e Banzas». É na SET Lousame 220 kV de REE (IN407A 2009/471-1, en servizo) onde se efectuará a conexión coa rede de transporte nacional.
- O parque eólico Alvite II e o seu CS 30 kV forman parte do alcance deste proxecto. Porén, son obxecto doutros proxectos independentes, actualmente en tramitación e promovidos por Green Capital Power, S.L.:
 - A subestación Alvite 30/132 kV, incluída no proxecto parque eólico Alvite (nº expediente IN408A 2018/32).
 - A SET Banzas 30/132 kV, incluída no proxecto parque eólico Banzas (nº expediente IN408A 2017/15).
 - Solución de evacuación conxunta dos parques eólicos Alvite e Alvite II, con nº expediente IN408A 2020/161.
 - Solución de evacuación conxunta dos parques eólicos Maragouto e Banzas, con nº expediente IN408A 2020/144.

Ademais, a obra civil necesaria para a implantación das instalacións indicadas nos parágrafos anteriores, terá que incluír outras actuacións, -que se describen na documentación aportada para a emisión deste informe-, como son: accesos e vías interiores ao parque; plataformas de montaxe; cimentación de aeroxeradores; canalizacións para cables MT e cableado de control; canalizacións para a rede de terras; centro de seccionamento e torre de medición.

Cómpre subliñar que, segundo se indica na Documentación aportada (EIA e Separata), o deseño da obra civil responde a criterios de optimización tanto do seu comportamento técnico como da calidade medioambiental do entorno.

- Accesos e vías interiores. Debido á distribución do parque proxéctanse varias zonas de acceso e conexión con estradas e camiños existentes e, deste xeito, distínguense os seguintes accesos: o acceso aos aeroxeradores AL01, AL02 e AL03, así como á torre de medición, que se efectúan



desde a estrada AC-400; o acceso ao aeroxerador AL04 que se realiza desde a estrada DP-5604; o acceso aos aeroxeradores AL05 e AL06 desde a estrada DP-5603; os transportes que accedan aos aeroxeradores AL03, AL04 e AL05 deberán facelo desde a AC-400 (P.Q. 63+530, aproximadamente) para o que se diseña a vía denominada "Vial – Acceso" que enlaza as estradas AC-400 e DP-5604. Os camiños interiores ou de servizo son os que discorren case – paralelos ás aliñacións de aeroxeradores e permiten o acceso a cada un deles.

A lonxitude dos eixos do viario proxectado é de 5.489,10 metros, sendo 2.253,60 metros de nova execución e 3.235,50 metros de adecuación de vías existentes.

Os aspectos técnicos e medioambientais máis destacados que se teñen en conta para o deseño da rede viaria do parque son: aproveitar as vías existentes sempre que sexa viable tecnicamente; a minimización dos movementos de terras e doutras actuacións que supoñan un forte impacto no entorno; evitar fortes pendentes. O deseño dos camiños respectará, de forma xeral, os seguintes parámetros: largura mínima (útil), 6 m. (vía de acceso e vías interiores), -4 m. en vía de acceso á torre de medición; pendente máxima, 10% en tramo recto/ 7% en tramo curvo/ e 10-13% en tramo recto formigonado. Non se prevé tráfico simultáneo en ambos sentidos polo que poderá manterse unha largura mínima de calzada. Non obstante, a largura da vía poderá incrementarse xa que no deseño téñense en conta o sobreancho e o sobrevoo dos transportes especiais.

A explanación do camiño e as plataformas de montaxe dos aeroxeradores son as únicas zonas que poden ser ocupadas. Unha vez completada a montaxe do parque procederase á rexeneración ambiental das zonas afectadas reducindo as dimensións das plataformas ao mínimo necesario para a operación e mantemento do parque e recuperando as zonas de provisións pegadas á traza da vía ás zonas ampliadas nas curvas conforme ás medidas establecidas no estudo de impacto ambiental.

É necesario conservar os camiños en perfectas condicións ao longo do tempo, para a construción, explotación e mantemento do parque e deséñanse tendo en conta esta característica e que deben facilitar o paso para o montaxe de elementos pesados de gran lonxitude.

Doutra banda, segundo se indica na documentación, tanto os camiños interiores como as plataformas de montaxe, deséñanse para favorecer a drenaxe das escorrentas adoptando as seguintes pendentes: camiños (pendente transversal: como norma xeral, entre o 0% (só nas transicións de peraltes) e o 2%; pendente lonxitudinal (tramos rectos: entre o 0% e o 7%; >7% en tramos puntuais formigonados); plataformas de montaxe (zona de montaxe de grúa: ≤1% lonxitudinal; zona de montaxe de pluma: ±7% lonxitudinal; pendente transversal zona de provisións de pas: ata ±2%).

Ademais do anterior, na documentación aportada inclúese una breve descrición das estruturas de drenaxe definidas no proxecto do parque: drenaxe transversal (compostas por tubos prefabricados de formigón, -tamén, por caixóns ou marcos prefabricados de formigón, segundo a memoria da Separata aportada-, e vaos ou pasos inundables para favorecer o paso de escorrentas de certa entidade); cunetas ao pé do noiro (para impedir a entrada da auga por debaixo da plataforma evitando o deterioro das capas de base e subbase). Asemade, na memoria da Separata indícase que tanto os camiños interiores do parque como as plataformas de montaxe deséñanse para favorecer o drenaxe das escorrentas coas seguintes pendentes: nos camiños a pendente transversal prevista estará, en xeral, entre o 0% e o 2% (o 0% só se empregará nas



transicións dos peraltes) e a pendente lonxitudinal prevista nos tramos rectos estará entre o 0% e o 7% (> 7% nos tramos puntuais formigonados); nas plataformas de montaxe as pendentes previstas son $\leq 1\%$ lonxitudinal (zona de montaxe de grúa), $\pm 7\%$ lonxitudinal (zona de montaxe de pluma de grúa) e $\pm 2\%$ transversal (zona de provisións de pas).

Tamén, debido á necesidade de salvar un curso fluvial, o río das Maroñas, sobre o que han de circular os transportes especiais que se dirixan ao aeroxerador AL01, planease a construción dunha estrutura de elementos prefabricados. Este paso estaría situado no "Vial-01" nas coordenadas UTM ETRS 89 Fuso 29 aproximadas X (m) 508.216, Y(m) 4.758.110. A estrutura proposta constaría dunhas lousas alveolares prefabricadas – pretenadas apoiadas sobre muros de formigón armado prefabricado que á súa vez apoiarían sobre una cimentación construída "in situ" e composta por zapatas corridas. E respecto ao apoio da cimentación din que se estima unha cota sobre a rasante actual en torno a $-3,50$ m., -aclaran que, polo dito motivo e posto que no lugar de ubicación do paso actualmente non existe velocidade da corrente, non se considera necesario o cálculo da cota de socavamento, entendendo que posiblemente se encontre a unha cota superior. Esta estrutura descríbese con maior detalle no apartado 2.6.1.8 da memoria do EIA.

- Plataformas de montaxe. Dispóñense xunto a cada aeroxerador e están especialmente acondicionadas para a colocación dos medios de elevación necesarios para a montaxe dos distintos elementos que compoñen o aeroxerador, cunhas características construtivas de preparación da súa superficie análogas ás das vías do parque. Terán dimensións da cordo coas recomendacións do fabricante do aeroxerador. No deseño, e sempre que sexa factible, situarase a plataforma enriba da cota do terreo orixinal para garantir a evacuación da auga superficial. Esta superficie será a única que se manteña una vez construído o aeroxerador, xunto coa superficie deste.

Adicionalmente, disporase dunha superficie auxiliar sensiblemente plana e libre de vexetación para a provisión das pas e para facilitar os traballos das grúas. Tamén, para facilitar as labores de montaxe despejarase una superficie auxiliar bordeando parte da plataforma de montaxe. Durante os traballos de cimentación, a plataforma da grúa servirá, ademais, como superficie de amoreamento do material e da maquinaria.

- Cimentacións dos aeroxeradores. Segundo indican na documentación aportada, consideran una cimentación tipo da cordo coas indicacións do fabricante para o modelo de aeroxerador seleccionado. É de xeometría troncocónica, cun diámetro de 20 m., cunha altura total desde a base de 3,15 m. Os materiais da cimentación son: formigón de limpeza (HM-20/F/30/IIa), formigón estrutural (C30/37) e aceiro armado (B500B/C). O oco que circunda ao pedestal encherase ata a cota orixinal do terreo con material seleccionado debidamente compactado.
- Canalizacións. Os cables de sinalización, -entre cada aeroxerador e o centro de control-, e os de media tensión a 30 kV, -para a interconexión entre os centros de transformación e o centro de seccionamento de saída-, instalaranse directamente enterrados en gabias. A profundidade mínima de instalación dos condutores será como norma xeral de 1,10 m., e de 1,40 m., cando as gabias discorran por terreos agrícolas. A súa largura variará en función do número de condutores a instalar nelas. Sempre que sexa posible, as gabias trazaranse paralelas ás vías de conexión e a una distancia máxima entre o borde do noiro da vía e o centro da gabiá de 1,00 m. no caso de gabias de 60 – 80 cm. de largura, e de 1,50 m. no caso de gabias de largura entre 1 e 1,20 m. Tamén, no caso de que a vía de referencia sexa en noiro, as gabias trazaranse ao pé deste. Se o



tramo de vía está xerado en desmante maior dun metro de altura será necesario prever nun dos lados un espáceo de polo menos 1,5 m. de longo para a futura construción da gabia. Ademais, como norma xeral, as gabias non se escavaran baixo as vías do campo ou as áreas de manobra. No caso de que o cruce sexa imprescindible, a gabia reforzase cunha lousa de formigón HM-20, non inferior aos 50 cm. e dunha largura e lonxitude apropiadas.

A lonxitude total das gabias eléctricas necesaria para evacuar a enerxía xerada polo parque é de 10.221 metros.

Doutra banda, nos tramos nos que a gabia cruce as vías de acceso, plataformas de montaxe ou escorrentas, os condutores instalaranse baixo una tubaxe de polietileno de 200 mm. de diámetro, embebidos en formigón dun espesor non inferior a 50 cm. Os cruces das gabias cos camiños faranse perpendicularmente aos mesmos, na medida do posible. A profundidade destas gabias será de 1,10 m. e a súa largura establecerase en función do número de condutores que teñan que aloxar.

Asemade, prevese salvar o cruce da rede de media tensión co "río de Barbeira" e co "río das Maroñas" mediante o seu soterramento co emprego da técnica de perforación horizontal dirixida, -minimizando o impacto sobre os ditos regos. O detalle destes cruces reflíctese no plano ALV2-EE-DW-CS03 "Zanjas. Secciones tipo" da Separata.

Para albergar a rede de terras vencellada ás infraestruturas eléctricas do parque aproveitaranse as canalizacións para cables e as escavacións das cimentacións dos aeroxeradores.

Tamén, realizaranse outras canalizacións para aloxar os cables baixo a zapata de cada aeroxerador.

- Centro de seccionamento. Segundo se indica no apartado 2.6.7 da memoria do EIA, estará constituído por un edificio no que hai dúas salas (unha para o aloxamento das celas e o transformador de servizos auxiliares e outra para o centro de control). Disporá de accesos directos ás vías do parque.

A obra civil asociada a este centro consistirá na execución da cimentación sobre a que se ubicará a cimentación.

- Torre meteorolóxica. Segundo se indica no apartado 2.6.8 da memoria do EIA está constituída por unha torre metálica autosoportada de celosía de 120 m. de altura.

Ademais das anteriores, durante as obras do parque prevese a implantación das seguintes instalacións:

- Superficies auxiliares de obra: zona de provisións e campamento de obra. A superficie conxunta reservada a estes dous espazos é un pouco superior aos 10.000 m² (7.458,15 m² para a zona de provisións de material e 2.587 m² para o campamento de obra). As coordenadas UTM (ETRS89, Fuso 29N) que definen estes dous espazos defínense no apartado 3.3.4 da memoria da Separata onde tamén se sinala que a pendente adoptada para os noiros será a mesma que no caso dos camiños e plataformas, é dicir: 1H:1V (desmante en terras); recheo ou terraplén (3H:2V).



O EIA inclúe a identificación e valoración de impactos das obras sobre a hidroloxía (apartado 5 da memoria do EIA) e, tamén, da fase de explotación e da de abandono ou desmantelamento do parque.

No apartado 8 da memoria do EIA tamén se inclúe a descrición das medidas preventivas e correctoras para reducir, corrixir ou eliminar os impactos sobre o medio ambiente, entre as que se encontran as relativas á xestión hídrica, xestión de residuos e restauración (apartados 8.2.4, 8.2.2 e 8.2.11), na fase de obras e as relativas aos solos e drenaxe e a xestión de residuos na fase de explotación (apartados 8.3.1 e 8.3.5). Tamén se prevén medidas preventivas e correctoras na fase de abandono ou desmantelamento. No apartado 8.5 inclúese o orzamento das medidas incluídas no proxecto. E no apartado 9 da memoria do EIA incorpórase o Programa de Vixilancia e Seguimento Ambiental.

Doutra banda, no Anexo nº 1 do EIA, Planos, incorpórase o plano nº 101186.4-PE-08: Hidroloxía, -neste obsérvase que a rede hidrográfica reflectida é similar á rede fluvial de detalle actualizada ao ano 2021 da que dispón Augas de Galicia (dispoñible na web <http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>).

No apartado 2.6.1.8 da memoria do EIA identifícase o cruzamento da vía pola cal circularán os transportes especiais que se dirixan ao aeroxerador AL01 co río das Maroñas. O cruce prodúcese, -segundo se recolle no dito apartado e como xa se comentou con anterioridade-, no punto de coordenadas UTM ETRS89 Fuso 29:

Curso fluvial co que se produce o cruzamento	UTM-X	UTM-Y
Río das Maroñas	508.216	4.758.110

No apartado 5 da memoria da Separata para Augas de Galicia aportada enuméranse e descríbense brevemente as afeccións que consideran que poden causar as obras do parque aos cursos fluviais existentes no seu ámbito de implantación, as cales se resumen na táboa que se incorpora a continuación:

Nome afección na Separata	Curso fluvial	Coordenada X-UTM ETRS 89 Fuso 29	Coordenada Y-UTM ETRS 89 Fuso 29	Descrición
Afección 1	Río das Maroñas	508.205	4.758.110	Prodúcese polo paso da vía de acceso ao aeroxerador AL01 sobre este río. Para salvalo propónse unha estrutura de drenaxe composta por elementos prefabricados a base de lousas alveolares prefabricadas pretesas apoiadas sobre un muro de formigón armado prefabricado que apoiarán sobre unha cimentación construída "in situ" e composta por zapatas corridas.
Afección 2	Leito innominado tributario do río Barbeira	509.176	4.757.940	Prodúcese polo paso do "Vial-02" sobre este leito e indícase que se conducirá mediante cuneta ata a obra de drenaxe máis próxima.
Afección 3	Río Barbeira	509.791	4.757.760	Prodúcese polo paso, sobre este río, da estrada desde a que se accede aos aeroxeradores AL02 e AL03. Actualmente, existe unha obra de drenaxe que salva dito



Nome afección Separata	Curso fluvial	Coordenada X-UTM ETRS 89 Fuso 29	Coordenada Y-UTM ETRS 89 Fuso 29	Descrición
				paso.
Afección 4	Río Barbeira	509.782	4.755.959	Prodúcese polo paso da rede de media tensión do parque sobre este río. O cruzamento realizarase mediante a técnica de perforación horizontal dirixida.

Estas afeccións tamén se recollen no plano "Afecciones Augas de Galicia" (ALV2-GE-AN-TT04) da Separata. E, asemade, nos planos "Zanjas. Secciones tipo. Detalle perforación hor. dirigida" (ALV2-EE-DW-CS03) reflíctense outros detalles desa técnica para os pasos sobre o río das Maroñas e o río Barbeira.

INFORME:

Polo tanto, á vista da documentación aportada, procédese a informar os seguintes aspectos que se detallan a continuación, sen prexuízo das demais competencias que ten atribuídas este organismo de conca e sen entrar a valorar outras consideracións técnicas, urbanísticas ou ambientais que non son obxecto deste informe.

Rede fluvial

As obras do parque eólico Alvite II sitúanse nos termos municipais de Santa Comba, Mazaricos e Negreira (provincia da Coruña) e dentro do ámbito de actuación da Demarcación Hidrográfica Galicia Costa. Os sistemas de explotación (SE), no que se localizan as obras e as instalacións son o número 6 "RÍO TAMBRE E RÍA DE MUROS E NOIA" e o número 7 "RÍO XALLAS, COSTA DE A CORUÑA E RÍA DE CORCUBIÓN".

Discorren próximos ás actuacións definidas na documentación de referencia e, nalgúns casos, están afectados por estas, os seguintes cursos fluviaais identificados no visor de Augas de Galicia (rede fluvial de detalle do ano 2021): o río das Maroñas (184019) e outros cursos fluviaais afluentes ou tributarios deste entre os que se atopa o río de Barbeira (18401906); o rego do Vao (204074) afluente do río Barcala (204074) e outros cursos fluviaais tributarios destes; o río Donas (203) e os seus tributarios.

O encoro existente máis próximo ás obras do parque, que podería resultar afectado por elas, é o encoro da Fervenza (ES.014.MR.184.000.03.04), a uns 2,7 quilómetros ao noroeste das obras do parque.

Pódense consultar e contrastar todos os datos expostos neste apartado na web de Augas de Galicia <http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>.

Detállanse, a continuación as afeccións ao medio hídrico por parte das instalacións e os accesos a este parque proxectados, detectadas segundo o visor indicado e a documentación achegada:



Nº	Curso fluvial afectado (segundo a rede fluvial de detalle 2021)	Cruce/Zona de Policía ou Servidume/Dominio público hidráulico (DPH) (segundo o visor)	Tipo de afección descrita na Documentación achegada	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia na capa rede fluvial detalle 2021 (coordenadas UTM ETRS89 H29)
1	Río das Maroñas (184019).	Zona de policía e cruce	Na Separata aportada identifícase a "Afección 1" ao río das Maroñas pola vía de acceso ao aeroxerador AL01 ("vial-01"), entorno ao punto de coordenadas (UTM ETRS89 H29) X=508.205, Y=4.758.110. Para salvar o dito curso fluvial planean unha estrutura de elementos prefabricados (composta por unhas lousas alveolares prefabricadas e pretesas apoiadas sobre muro de formigón armado prefabricado que ao mesmo tempo apoiarán sobre unha cimentación construída "in situ" e formada por zapatas corridas) e din que o seu deseño se pode optimizar en fases posteriores do proxecto. Esta afección descríbese no apartado 5 da memoria e gráfase no plano ALV2-GE-AN-TT04-R0A da Separata. Segundo se reflicte no dito plano xa existe unha ponte no cruce co río das Maroñas. Respecto do EIA, o plano Nº 101186.4-PE-08, de hidroloxía, identifica o cruce e afección á zona de policía do río de Maroñas, pola execución da gabiá eléctrica e execución de nova vía de acceso ao aeroxerador AL01. O apartado 2.6.1.8 da memoria do EIA describe o cruzamento do río das Maroñas mediante estrutura de elementos prefabricados tal como se recolle no parágrafo anterior.	Afección á zona de policía do río das Maroñas polo camiño de acceso cara o aeroxerador AL01 (aproximadamente entre os puntos de coordenadas X=508.076, Y=4.758.099 e X=508.365, Y=4.758.121); e tamén, pola gabiá que se estende entre os aeroxeradores AL01 e AL02 (aproximadamente entre os puntos de coordenadas X=508.079, Y=4.758.104 e X=508.366, Y=4.758.125). O cruce do camiño co río prodúcese no entorno do punto de coordenadas X=508.205, Y=4.758.110, e o cruce da gabiá co río prodúcese no entorno do punto de coordenadas X=508.206, Y=4.758.116.
2	Leito innominado (sen codificar) tributario do río de Barbeira (18401906).	Zona de policía e cruce	Na Separata aportada non se identifica a afección. O plano de Hidroloxía do EIA, identifica o cruce dun rego innominado tributario do río de	Afección á zona de policía do leito innominado polo camiño de acceso ao aeroxerador AL01 (aproximadamente entre os puntos de coordenadas X=508.537, Y=4.758.000 e X=508.563, Y=4.758.022); polo camiño de acceso ao aeroxerador AL02



Nº	Curso fluvial afectado (segundo a rede fluvial de detalle 2021)	Cruce/Zona de Policía ou Servidume/Dominio público hidráulico (DPH) (segundo o visor)	Tipo de afección descrita na Documentación achegada	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia na capa rede fluvial detalle 2021 (coordenadas UTM ETRS89 H29)
			Barbeira, pola execución da gabia eléctrica. Tamén se identifica a afección á zona de policía de dito rego pola execución de nova vía e adecuación da vía existente.	(aproximadamente entre os puntos de coordenadas X=508.713, Y=4.758.130 e X=508.728, Y=4.758.088); pola cuneta que bordea o camiño de acceso ao aeroxerador AL02 (aproximadamente entre os puntos de coordenadas X=508.724, Y=4.758.102 e X=508.717, Y=4.758.121), e pola gabia que se estende entre os aeroxeradores AL01 e AL02 (aproximadamente entre os puntos de coordenadas X=508.536, Y=4.758.017 e X=508.696, Y=4.758.158). O cruce da gabia co leito prodúcese no entorno do punto de coordenadas X=508.620, Y=4.758.091. O leito innominado presenta unha conca de aportación inferior a 1 km ² .
3	Río de Barbeira (18401906).	Zona de policía	Na Separata aportada non se identifica a afección. O plano de Hidroloxía do EIA , identifica a afección á zona de policía do río de Barbeira pola adecuación da vía existente.	Afección á zona de policía do río de Barbeira pola gabia que se estende entre os aeroxeradores AL01 e AL02 (aproximadamente entre os puntos de coordenadas X=508.704, Y=4.758.164; X=508.713, Y=4.758.171; X=508.729, Y=4.758.152; e X=508.727, Y=4.758.149). Tamén, se produce afección á zona de policía deste río polo camiño de acceso ao aeroxerador AL02 (aproximadamente entre os puntos de coordenadas X=508.718, Y=4.758.154 e X=508.754, Y=4.758.192).
4	Leito innominado (sen codificar) tributario do río de Barbeira (18401906).	Zona de policía e cruce	Na Separata aportada identifícase a "Afección 2" a un afluente (sen denominación) do río de Barbeira polo "vial-02", no entorno ao punto de coordenadas (UTM ETRS89 H29) X=509.176, Y=4.757.940. Din que se conducirá mediante cuneta cara a obra de drenaxe máis próxima. Esta afección descríbese no apartado 5 da memoria e gráfase no plano ALV2-GE-AN-TT04-ROA da Separata . O plano de Hidroloxía do EIA , identifica o cruce e afección á zona de policía dun rego innominado	Afección á zona de policía do leito innominado polo camiño de acceso que se estende entre os aeroxeradores AL02 e AL03 (aproximadamente entre os puntos de coordenadas X=509.076, Y=4.757.942, e X=509.279, Y=4.757.970); e tamén, pola gabia que se estende entre os aeroxeradores AL02 e AL03 (aproximadamente entre os puntos de coordenadas X=509.075, Y=4.757.933 e X=509.279, Y=4.757.962). O cruce do camiño co leito prodúcese no entorno do punto de coordenadas X=509.176, Y=4.757.940, e o cruce da gabia co leito prodúcese no entorno do punto de



Nº	Curso fluvial afectado (segundo a rede fluvial de detalle 2021)	Cruce/Zona de Policía ou Servidume/Dominio público hidráulico (DPH) (segundo o visor)	Tipo de afección descrita na Documentación achegada	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia na capa rede fluvial detalle 2021 (coordenadas UTM ETRS89 H29)
			tributario do río de Barbeira, pola execución da gabia eléctrica e adecuación da vía existente.	coordenadas X=509.175, Y=4.757.932. O leito innominado presenta unha conca de aportación inferior a 1 km ² .
5	Río de Barbeira (18401906).	Zona de policía e cruce	Na Separata aportada identifícase a "Afección 3" ao río de Barbeira pola vía de acceso aos aeroxeradores AL02 e AL03, no entorno ao punto de coordenadas (UTM ETRS89 H29) X=509.791, Y=4.757.760. Din que para salvar dito paso sobre o río xa existe unha obra de drenaxe. Esta afección descríbese no apartado 5 da memoria e gráfase no plano ALV2-GE-AN-TT04-R0A da Separata. O plano de Hidroloxía do EIA , identifica o cruce do río de Barbeira, pola adecuación da vía existente. Tamén se identifica a afección á zona de policía deste río pola execución de nova vía.	Afección á zona de policía do río de Barbeira polo camiño de acceso ao aeroxerador AL03 (aproximadamente entre os puntos de coordenadas X=509.636, Y=4.757.720 e X=509.948, Y=4.757.795). O cruce da vía e da gabia co leito prodúcese no entorno do punto de coordenadas X=509.791, Y=4.757.761.
5.1	Leito innominado (sen codificar) tributario do río de Barbeira (18401906).	Zona de policía	Na Documentación aportada non se identifica a afección.	Afección á zona de policía do leito innominado polo camiño de acceso ao aeroxerador AL03 (aproximadamente entre os puntos de coordenadas X=509.733, Y=4.757.745 e X=509.923, Y=4.757.794). O leito innominado presenta unha conca de aportación inferior a 1 km ² .
6	Río de Barbeira (18401906).	Zona de policía e cruce	Na Separata aportada identifícase a "Afección 4" ao río de Barbeira pola rede de media tensión do parque que discorre ao longo da estrada CP-5603, no entorno do punto de coordenadas (UTM ETRS89 H29) X=509.782, Y=4.755.959. Din que para salvar dito paso do río executarán o cruzamento mediante a técnica de perforación mecánica dirixida. Esta afección descríbese no apartado 5 da memoria e gráfase no plano ALV2-GE-AN-TT04-R0A da Separata.	Afección á zona de policía do río de Barbeira pola gabia que se estende entre os aeroxeradores AL03 e AL04 (aproximadamente entre os puntos de coordenadas X=509.671, Y=4.755.943 e X=509.886, Y=4.755.974). O cruce da gabia co leito prodúcese no entorno do punto de coordenadas X=509.782, Y=4.755.959.



Nº	Curso fluvial afectado (segundo a rede fluvial de detalle 2021)	Cruce/Zona de Policía ou Servidume/Dominio público hidráulico (DPH) (segundo o visor)	Tipo de afección descrita na Documentación achegada	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia na capa rede fluvial detalle 2021 (coordenadas UTM ETRS89 H29)
			O plano de Hidroloxía do EIA , identifica o cruce do río de Barbeira, pola execución da gabia eléctrica.	
6.1	Leito innominado (sen codificar) tributario do río de Barbeira (18401906).	Zona de policía	Na Documentación aportada non se identifica a afección.	Afección á zona de policía do leito innominado pola gabia que se estende entre os aeroxeradores AL03 e AL04 (aproximadamente entre os puntos de coordenadas X=509.742, Y=4.755.953 e X=509.790, Y=4.755.960). O leito innominado presenta unha conca de aportación inferior a 1 km ² .
7	Río Donas (203).	Zona de policía	Na Separata aportada non se identifica a afección. O plano de Hidroloxía do EIA , identifica afección á zona de policía dun río polo voo das pas do aeroxerador denominado A6.	Afección á zona de policía do río Donas polo voo das pas do aeroxerador AL06 (aproximadamente entre os puntos de coordenadas X=511.072, Y=4.755.338 e X=511.077, Y=4.755.266).
8	Río das Maroñas (184019).	Zona de policía	Na Separata aportada non se identifica a afección. O plano de Hidroloxía do EIA , identifica a afección á zona de policía do río de Maroñas, pola implantación da torre meteorolóxica.	Afección á zona de policía do río das Maroñas pola cuneta que bordea a zona de implantación da torre meteorolóxica (aproximadamente no entorno do punto de coordenadas X=507.886, Y=4.757.698).

Tamén, no que se refire ao deseño da estrutura prevista sobre o río das Maroñas, teranse en conta os requirimentos establecidos na *"Norma 5.2 – IC de la Instrucción de Carreteras. Drenaje superficial"*, - especialmente os recollidos no apartado *"4.3. Puentes"*.

Asemade, lémbrese que non se permite a execución de vaos ou pasos de auga construídos sobre a plataforma dos camiños ou vías de acceso nos lugares nos que se intercepten fluxos naturais de auga ou nos sexa necesario evacuar os caudais cara á marxe contraria, -por exemplo, na vía de acceso ao aeroxerador AL01, no entorno do punto de coordenadas (UTM ETRS89, Fuso 29) X= 507.871, Y=4.758.081, prevese a execución dun vao de formigón, segundo se recolle no Proxecto de Execución deste parque eólico posto á disposición do público e segundo se desprende do arquivo shape aportado para a emisión deste informe, aínda que nunha zona na que non se detecta curso fluvial algún de acordo coa información do Visor de Augas de Galicia (<http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>). Sinalar que este tipo de



instalacións teñen carácter temporal, e deben ser retiradas ao finalizar as actuacións a realizar. De ser necesarias obras de carácter permanente, e para que poidan ser autorizables, deben executarse as obras de drenaxe transversal pertinentes.

Cómpre sinalar que no caso de que existan cursos fluviais, cunha bacía de aportación inferior a 1 km², ou calquera elemento susceptible de consideración como dominio público hidráulico, seranlles de aplicación a normativa e lexislación de augas, tendo plena vixencia as prescricións establecidas para o dominio público hidráulico.

Para a execución de novos camiños de acceso, modificacións dos existentes ou construción de gabias que requiran actuacións localizadas en zona de Dominio Público Hidráulico ou en zona de policía deberase solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia.

Deberase cumprir o establecido no artigo 36 da Normativa do PHGC, e segundo o establecido no artigo 9.4 e 78 do RDPH solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia. Á solicitude de autorización deberán unirse, ademais, unha memoria na que se describan técnica e construtivamente as obras, planos de planta, seccións tipo, e perfís transversais, onde se reflictan as actuacións a realizar e as marxes dos leitos así como a zona de servidume e policía. Deberán igualmente definirse construtivamente os cruces dos leitos no caso de que se modifiquen os existentes, ou se realicen novos cruces, optando, en todo caso, pola metodoloxía construtiva que cause a menor afección ao medio hídrico e ao seu entorno (por exemplo, mediante o emprego de técnicas de perforación mecánica dirixida). Nese momento procedemental poderase solicitar por parte de Augas de Galicia tanta documentación se considere necesaria.

Cómpre indicar que no caso de que a superficie destinada a aloxar o campamento de obra e o punto limpo se sitúe en zona de policía, deberase solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia.

Igualmente, no caso de que se realicen talas de árbores en zona de servidume, segundo o establecido no artigo 7 do RDPH deberase solicitar autorización administrativa a Augas de Galicia.

Destacar en todo caso, que a lexislación sectorial de augas establece unha zona de servidume e policía en tódolos leitos públicos e en toda a súa lonxitude, con independencia da clasificación do solo e con independencia de que estean ou non grafados nos planos de ordenación. Segundo o establecido no artigo 9.4 e 78 do RDPH calquera actuación precisará autorización administrativa do Organismo de Conca independente doutra que teña que ser outorgada por outro Organismo da Administración.

Zonas protexidas

Analizada a documentación aportada, no entorno das actuacións propostas no parque eólico localízanse as seguintes zonas protexidas que poden verse afectadas polas mesmas, -tanto as recollidas no Catálogo de zonas protexidas do PHGC actualmente vixente, así como nas zonas protexidas a nivel europeo, internacional, estatal ou autonómico.



ZONAS PROTEXIDAS PHGC	NOME	CODIFICACIÓN	Observacións
Tramo interese especies ameazadas	Río de Maronas ou de Sta. Marina	ES014TIEX000000013	Prodúcese un cruzamento do camiño de acceso ao aerogenerador AL01 con este tramo, á altura da "afección 1" identificada na Separata, na zona norte do parque eólico.
Tramo interese especies ameazadas	Xallas	ES014TIEX000000011	A uns 2,0 quilómetros ao norte do parque eólico.
Tramo interese especies ameazadas	Abuín	ES014TIEX000000012	A uns 2,4 quilómetros ao norte do parque eólico.
Tramo de interese medio ambiental	Beluso	ES014TIMB000000009	A uns 940 metros ao sur do parque eólico.
ZONAS PROTEXIDAS NIVEL EUROPEO	NOME	CODIFICACIÓN	Observacións
Zona sensible	Encoro da Ponte Olveira	ES014ZSENPZSGC11	A uns 9,5 quilómetros ao oeste do parque eólico.
Zona de captación de zona sensible	-	ESCM1212	A uns 5,6 quilómetros ao oeste do parque eólico.

Non se detectaron zonas protexidas a nivel estatal e autonómico, nin zonas protexidas a nivel internacional, próximas ás actuacións previstas.

A información relativa ás zonas protexidas pódese consultar na páxina web de Augas de Galicia, <http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>.

No tocante ás Zonas de Captación para Abastecemento Humano recollidas no PHGC en vigor correspondente ao ciclo 2015-2021, -aprobado polo Real Decreto 11/2016, do 8 de xaneiro-, as máis próximas ás actuacións previstas (considerando unha distancia de 500 m ao redor das obras) son as seguintes:

CAPTACIÓNS (PHGC 2015-2021)

NOM_ZPROT	Código	Coordenada X	Coordenada Y
BARBEIRA	ES014CACH000000192	510.019	4.758.168

Convén indicar que o PHGC correspondente ao ciclo 2021-2027, pendente de ratificación polo Consello de Ministros, non se recollen as Zonas de Captación para Abastecemento Humano nunha distancia de 500 ao redor das obras.

Deberase atender as prescricións feitas na planificación hidrolóxica sobre estas zonas, así como os condicionantes establecidos polos organismos competentes.

Zonas inundables

Son zonas inundables, segundo o artigo 26 do PHGC, as delimitadas polos niveis teóricos que acadarían as augas nas enchentes de período estatístico de retorno de cincocentos anos, atendendo a estudos xeomorfolóxicos, hidrolóxicos e hidráulicos, así como de series de enchentes históricas e documentos ou evidencias históricas destas. Segundo o artigo 14 do RDPH, -tendo en conta a súa modificación operada polo Real Decreto 638/2016 (Boletín Oficial do estado do 29 de decembro)-, estes terreos cumpren labores de retención ou alivio dos fluxos de auga e carga sólida transportada durante as ditas enchentes ou de resgardo contra a erosión. Estas zonas declararanse nos lagos, lagoas, embalses, ríos ou regos.

Ademais, cómpre ter en conta que a cualificación como zonas inundables non alterará a cualificación xurídica e a titularidade demanial dos terreos.

A zona de fluxo preferente, segundo o definido no artigo 27 do PHGC e no 9 do RDPH, é aquela zona constituída pola unión da zona ou zonas onde se concentra preferentemente o fluxo durante as enchentes, ou vía de intenso desaugamento, e da zona onde, para a avenida de 100 anos de período de retorno, se poidan producir graves danos sobre as persoas e os bens, quedando delimitado o seu límite exterior mediante a envolvente de ámbalas dúas zonas.

As inundacións producidas polas crecidas non ordinarias considéranse un fenómeno natural aleatorio de ocorrencia periódica, de intensidade e magnitude non previsible polo que teñen a consideración, no caso de producirse, de forza maior (Artigo 41 PHGC).

Para as zonas de fluxo preferente e as zonas inundables deberanse de respectar e recoller expresamente as prescricións recollidas do capítulo VII da Normativa do Plan Hidrolóxico Galicia – Costa (Art. 26 – 41) Protección contra as inundacións. Deste xeito, segundo o artigo 30 “Contido dos instrumentos de planificación de carácter territorial ou urbanístico” deberase incorporar á documentación do instrumento de planificación de carácter territorial ou urbanístico, naquelas zonas afectadas por Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSIs), a seguinte documentación:

- Planos onde se reflicta, sobre a ordenación proposta, o dominio público hidráulico e as súas zonas de servidume e policía.
- Planos onde se reflicta, sobre a ordenación proposta, as zonas inundables.
- Planos onde se reflicta, sobre a ordenación proposta, as zonas de fluxo preferente.

Cabe destacar o seguinte:

No artigo 33 do PHGC recóllense as condicións nas que a Administración Hidráulica de Galicia poderá outorgar as autorizacións nas zonas inundables dentro da zona de policía.

No artigo 34 do PHGC indícanse unha serie de limitacións de usos para a zona de fluxo preferente. Deste xeito, segundo ese artigo, con carácter xeral non se autorizarán nesta zona unha serie de actividades (acampadas ou instalacións destinadas a este fin; a realización de construcións destinadas a vivendas; a execución de instalacións industriais ou edificacións nas que habitualmente haxa presenza de persoas; a construción de cerramentos e valados que non sexan permeables; a realización de recheos ou



amoreamentos de materiais de calquera tipo que provoquen unha redución significativa da vía de intenso desaugamento; execución de infraestruturas lineais deseñadas de modo tendente ao paralelismo coa canle, coa excepción das de saneamento, abastecemento e outras canalizacións subterráneas que en todo caso, salvo en zonas puntuais en que non exista solución viable, deberán situarse fóra da zona de servidume).

Do mesmo xeito cabe destacar que para obter a autorización de realización de calquera actividade na zona de fluxo preferente deberase achegar o seguinte: xustificación de que non se modifica de xeito significativo a zona de fluxo preferente, a zona inundable ou o réxime das correntes; xustificación da compatibilidade cos criterios e medidas preventivas que se establezan, se é o caso, no Plan de Xestión do Risco de Inundación e declaración xurada do solicitante no que exprese que coñece e asume o risco asociado ao desenvolvemento da actividade na zona de fluxo preferente e as medidas de protección civil aplicables.

Asemade, deberanse ter en conta as prescricións recollidas nos artigos 9 e 14 do RDPH, coas súas modificacións introducidas polo RD 638/2016. Tamén, -tendo en conta a modificación operada polo dito Real Decreto 638/2016-, deberase atender ao establecido nos novos artigos que se incorporan ao RDPH: 9bis, relativo ás Limitacións de usos na zona de fluxo preferente no solo rural; 9ter, que regula as condicións nas que se poden autorizar as Obras e construcións na zona de fluxo preferente en solos en situación básica de solo urbanizado; 9quater, que establece un Réxime especial en municipios con máis de 1/3 da súa superficie incluída na zona de fluxo preferente; 14bis, no que se establecen as Limitacións de usos do solo na zona inundable.

No artigo 9bis.3 recóllese expresamente que toda actuación na zona de fluxo preferente deberá contar cunha declaración responsable, presentada ante a Administración Hidráulica competente e integrada, no seu caso, na documentación do expediente de autorización, na que o promotor exprese claramente que coñece e asume o risco existente e as medidas de protección civil aplicables ao caso, comprometéndose a trasladar esa información aos posibles afectados, con independencia das medidas complementarias que estime oportuno aplicar para a súa protección. A dita declaración será independente de calquera autorización ou acto de intervención administrativa que teña que ser outorgada polos distintos órganos das Administracións públicas, con sometemento, ao menos, ás limitacións de usos que se establecen no artigo 9bis. En particular, estas actuacións deberán contar con carácter previo á súa realización, segundo proceda, coa autorización na zona de policía ou co informe da Administración Hidráulica. A declaración responsable deberá presentarse ante a Administración Hidráulica cunha antelación mínima dun mes antes do inicio da actividade nos casos nos que non fose incluída nun expediente de autorización.

Nos artigos 9ter e 9quater, engádese que, ademais do esixido no artigo 9bis.3, con carácter previo ao inicio das obras, o promotor deberá dispoñer do certificado do Rexistro da Propiedade no que se acredite que existe anotación rexistral indicando que a construción se atopa en zona de fluxo preferente.

No artigo 14bis.3, establécese que, nas zonas inundables, as administracións competentes fomentarán a adopción de medidas de diminución da vulnerabilidade e autoprotección. Ademais, o promotor deberá subscribir unha declaración responsable na que exprese claramente que coñece e asume o risco existente e as medidas de autoprotección aplicables ao caso, comprometéndose a trasladar esta información aos posibles afectados, con independencia das medidas complementarias que estime oportuno adoitar para a súa protección. No artigo 14bis. 4, engádese que, con carácter previo ao inicio das obras, o promotor deberá dispoñer do certificado do Rexistro da Propiedade no que se acredite que existe anotación rexistral indicando que a construción se atopa en zona inundable.



O artigo 11 do Real decreto Lexislativo 1/2001, establece que os organismos de conca darán traslado ás Administracións competentes en materia de ordenación do territorio e urbanismo dos datos e estudos dispoñibles sobre enchentes, co obxecto de que se teñan en conta na planificación do solo, e en particular, nas autorizacións de usos que se acorden en zonas inundables.

Na páxina web de Augas de Galicia <http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>, pódense consultar e descargar as ARPSIs (Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación), as manchas de inundación asociadas a distintos períodos de retorno e as zonas de fluxo preferente.

Segundo este visor, o ámbito de actuación **non está afectado por ningunha ARPSI fluvial**.

Aproveitamentos hídricos

Na documentación aportada non se fai referencia algunha a afeccións a captacións de auga. Consultado o Libro de Rexistro de Augas de Galicia, e **salvo erro ou omisión**, constan as seguintes captacións inscritas na contorna do ámbito da actuación (considerando unha distancia de 500 metros ao redor das obras):

Clave	Titular	Coord. X (Datum inscripción)	Coord. Y (Datum inscripción)
DH.B15.23182	Particular	510.387	4.756.302
DH.B15.20298	Particular	510.180	4.758.383
DH.A15.16914	Particular	510.050	4.758.320
DH.A15.26313	Particular	508.666	4.757.979
		508.647	4.757.821

Destacar que, no caso de afectar a algunha captación de augas inscrita, como consecuencia das actuacións propostas no proxecto obxecto de estudo, deberase contemplar a súa reposición.

O artigo 143 do Regulamento do dominio público hidráulico establece que toda modificación das características dunha concesión requirirá autorización administrativa previa do mesmo órgano outorgante e nos seguintes artigos detállase a tramitación das variacións de características consideradas como esenciais, como pode ser o cambio de punto de captación.

Consecuentemente co indicado no parágrafo anterior, o titular dos traballos deberá elaborar e facilitar aos afectados por esas reposicións toda a documentación necesaria para a tramitación da modificación da correspondente concesión.

Actuacións susceptibles de causar afeccións ao medio hídrico

No caso dos camiños, a drenaxe lonxitudinal e transversal debe cumprir o establecido no artigo 36 da Normativa do Plan Hidrolóxico Galicia Costa:

"Art.36: Obras de paso de infraestructuras de transporte.

(...)

2. As pontes ou obras de drenaxe transversal dimensionaranse con carácter xeral para o período de retorno de 500 anos, salvo que a Administración hidráulica de Galicia admita outro período de retorno debidamente xustificado no proxecto da nova infraestructura, atendendo ás peculiaridades da zona, a entidade do leito e das características da propia infraestructura: tránsito, importancia...

(...)

6. As obras de drenaxe dimensionaranse de modo que non se produza acumulación dos escorregamentos nunha determinada zona ou que non se engadan a unha valgada áreas vertentes superiores en máis dun 10 % á superficie da bacía propia. En todo caso, as obras de drenaxe transversal dimensionaranse para a enchente de T=500 anos, e debe xustificarse debidamente ante a Administración hidráulica de Galicia o uso dun período de retorno menor ou, no caso da drenaxe lonxitudinal, xustificando o período de retorno utilizado, atendendo ás peculiaridades da zona e ás características das infraestructuras (tránsito, importancia...), así como a súa afección ao Dominio Público Hidráulico.

(...)."

Deberase solicitar a correspondente autorización de obras segundo o establecido nos artigos 9.4, 78 e 126 do RDPH onde se estableceran tódalas condicións específicas que procedan no exercicio das funcións de tutela que corresponden a Augas de Galicia, así como as modificacións ou prescricións a ter en conta para que o proxecto sexa compatible coa preservación do medio hídrico.

No caso no que os novos camiños de acceso ou as modificacións dos existentes se localicen en zona de policía deberase solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia, segundo o establecido no artigo 9.4 e 78 do RDPH.

Segundo se indica no EIA (apartado 5.8.8 da memoria e no Anexo XI. Efectos sinérxicos), a auga potable extraerase dun pozo, -executado mediante perforación vertical con bomba monofásica somerxida-, e conducirse ata o edificio de control mediante unha tubaxe de PVC; mentres que o sistema de saneamento prevese de tipo separativo (residuais e pluviais), de xeito que as augas residuais conduciranse ata unha fosa séptica e as pluviais evacuaranse á gabiá de drenaxe do edificio, -en ámbolos dous casos empregaranse tubaxes de PVC para a conducción das augas.

Non obstante, pola contra, no apartado 3.3.9 da Separata indícase que a instalación "no precisa abastecimiento de servicios como agua, ..." e que "Dada la escasa presencia de personal durante la explotación del parque, las necesidades de agua potable se cubrirán mediante un depósito de 500 litros que se llenará periódicamente con camión - aljibe. Por tanto, no se precisan infraestructuras para el abastecimiento de agua." E, tamén, indícase que "De igual manera, las aguas residuales producidas serán de escasa entidad y se almacenarán en una fosa estanca enterrada que será vaciada periódicamente por gestor de residuos autorizado."

Polo tanto, considerase preciso que, con carácter previo á solicitude de autorización das obras do parque ante esta Entidade, se resolvan as referidas discrepancias contidas na Documentación aportada acerca



da forma de realizar o abastecemento de auga ás instalacións do mesmo e a evacuación, recollida e tratamento das augas residuais xeradas nelas.

Por esta Entidade, cómpre lembrar que se fose preciso realizar un aproveitamento de augas, deberase solicitar ante este Organismo de Conca, o uso privativo por disposición legal ou concesión administrativa,

E lémbrese, tamén, que, en todo caso, se houberse algún vertido haberá de solicitarse a correspondente autorización de vertido ante este Organismo de Conca, de acordo co establecido no artigo 245 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico.

Convén engadir que as obras que no seu día se desenvolvan, haberán de cumprir as condicións particulares deste informe.

Condicións particulares

Para os traballos a realizar, indicados no documento obxecto de informe, que se desenvolvan dentro do territorio Galicia Costa, en zona de servidume, así como os movementos de terras previstos, disporase de barreiras de retención de sedimentos e entre estas e os leitos disporase un pano de xeotextil chantado ao terreo. Revisaranse periodicamente para repoñelas no caso de deterioro.

Prohíbese acumular sustancias, calquera que sexa a súa natureza e lugar en que se depositen, que constitúan ou poidan constituír un perigo de contaminación das augas (superficiais ou subterráneas) do Dominio Público Hidráulico e/ou de degradación do seu entorno.

Prohíbese o vertido directo ou indirecto de augas ou produtos residuais susceptibles de contaminar as augas continentais ou calquera outro elemento do Dominio Público Hidráulico sen a correspondente autorización de vertido. Deberase obter a preceptiva autorización para calquera novo punto de vertido á canle que puidera producir contaminación do dominio público hidráulico segundo o art. 245 do RDPH, relativo ás autorizacións de vertidos directos e indirectos.

Débense adoptar as medidas que garantan a estabilización de forma adecuada dos solos alterados polo tránsito de maquinaria evitando a erosión e posible arrastre de materiais ata os leitos.

Durante a execución dos traballos non se poderán utilizar as marxes dos ríos e ribeiras como lugares para o depósito de materiais, parque de maquinaria, lavados e, en xeral, todas aquelas actividades que supoñan un risco de contaminación das augas ou alteracións do ecosistema asociado.

Para o caso de execución dos alicerces e das gabias haberase de considerar non afectar á modificación dos niveis freáticos que puideran alterar captacións existentes aínda que estas non presentaran aparencia de afectación.

No caso da execución dos camiños de servizo, explanación de vellos camiños ou calquera obra de movemento de terras, en zona de policía, a empresa adxudicataria das obras deberá solicitar a correspondente autorización de obras.



Rematadas as obras, en tódalas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria en zona de policía) procederase á súa rehabilitación ata conseguir a reposición dos terreos ao estado primitivo.

Os residuos xerados durante a construción terán que ser trasladados a vertedoiro de residuos de construción autorizado e presentarse certificado deste traslado ao remate das obras.

Do mesmo xeito haberase de solicitar autorización para a extracción de préstamos en zona de policía de leitos.

Conclusión

Vista a documentación aportada en relación **ao Estudo de Impacto Ambiental e á Separata para Augas de Galicia do parque eólico Alvite II (27 MW)**, nos concellos de Santa Comba, Mazaricos e Negreira (provincia da Coruña), no relativo aos aspectos sobre os que se solicita informe, conclúese que non é previsible que o proxecto poida causar impactos ambientais significativos, tendo en conta as medidas protectoras e correctoras que o promotor prevé adoptar no documento ambiental presentado e as consideracións a tal efecto referidas no presente informe.

Aos efectos deste organismo de conca, lémbrese, especialmente, que no deseño e construción da estrutura sobre o río das Maroñas, -á altura do punto de coordenadas (UTM ETRS89 Fuso 29), aproximadamente, X=508.205, Y=4.758.110, deberase ter en conta que se sitúa sobre un tramo fluvial de interese de especies ameazadas.

Tamén, sublíñase a necesidade de eliminar os vaos ou pasos de auga propostos para o cruce de camiños ou accesos, debendo executarse as obras de drenaxe transversal necesarias para que poidan ser autorizables.

Durante os procesos de execución dos traballos de desenvolvemento e implantación da actuación proposta, de cara a non afección ao dominio público hidráulico, deberán contemplarse as directrices sinaladas no presente informe así como as indicadas na documentación sometida a informe.

Cómpre indicar que o informe emítese estritamente desde o punto de vista das competencias deste organismo de conca, sen entrar a valorar outras consideracións técnicas, urbanísticas ou ambientais que non son obxecto do mesmo e sen prexuízo dos condicionantes que se poidan establecer nas preceptivas autorizacións de Augas de Galicia que se tramiten segundo o establecido nos artigos 9.4, 78 e 126 do RDPH.

Santiago de Compostela – A xefa de área de autorizacións e concesións – María C. Beneyto González-Baylín (sinatura dixital)

Santiago de Compostela – subdirector xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico – Roberto Arias Sánchez (sinatura dixital)

